




O meu primeiro libro

1. Prepara o teu ordenador


Antes de comezar a traballar, sería recomendable que configurases o teu computador para ver as extensións dos arquivos. Unha **extensión** é unha serie de letras que aparece logo dun punto no nome dun arquivo e que nos indica o seu contido. Por exemplo:

- .doc é un documento de texto
- .mp3 é un arquivo de son
- .zip é un arquivo comprimido
- .html é unha páxina web...

Cando traballamos na elaboración de recursos dixitais necesitamos coñecer esta información pola sinxela razón de que non todos os arquivos son adecuados para traballar con todos os programas. Por exemplo, para incorporar son a un libro elaborado con LIM só poderemos utilizar arquivos que teñan a extensión **.mp3** que é o formato de audio máis difundido actualmente.

Se no teu computador non podes ver as extensións dos arquivos segue estas instrucións:

1. Abre o cartafol **EDILIM**, onde se atopa o programa (podes facer esta operación desde calquera cartafol).




2. Pulsa **Ferramentas** na barra de menús e selecciona **Opciones de carpeta**.

3. Na fiestra que se abre, selecciona a pestana **Ver**.

4. Busca a opción **Ocultar as extensións de arquivo para tipos de arquivo coñecido** e pica sobre o texto para quitar a selección (a casa non debe estar seleccionada)

5. Para rematar, pica no botón **Aplicar** e despois o botón **Aceptar**. A partir de agora poderás ver todas as extensións dos teus arquivos..





2. EdiLIM, a ferramenta para crear

Como xa sabes, EdiLIM é a ferramenta para elaborar os libros LIM. No tema 4 vimos o proceso que hai que seguir para instalala no noso computador que se reduce á copia dos catro arquivos que o forman nunha mesma cartafol que podes situar en calquera parte do teu equipo. Imos ver a función de cada un deles.




edilim.exe é a ferramenta propiamente dita. Debe ter este aspecto aínda que é posible que no teu computador non apareza a extensión (.exe) se non o tes configurado para ver as extensións.



lim.swf é unha película necesaria para que o programa funcione. Probablemente no teu computador non terá o mesmo aspecto xa que as iconas dos arquivos cambian en función dos programas que tes instalados.



edilim.htm é a páxina de axuda do programa. Non é imprescindible pero é útil para consultar calquera dúbida que teñas mentres traballas coa ferramenta.



imaxes é o cartafol que contén os gráficos da páxina de axuda. Tampouco é necesaria para que funcione EdiLIM, pero se non a temos gardada non se verán as imaxes cando consultemos o documento de axuda.

Para abrir **EdiLIM** só temos que facer dobre ?clic? sobre o arquivo edilim.exe e aparece a fiestra inicial do programa que agora só ten activadas tres opcións:




Crear un **novo** libro

Abrir un libro creado

Consultar a páxina de **axuda**

Unha vez dentro do programa pódense distinguir dúas zonas ben delimitadas: o almacén de recursos que utilizaremos para elaborar o noso libro e a zona de traballo propiamente dita.





Fíxate no cartafol de recursos. Edilim, do mesmo xeito que outras ferramentas de autor, utiliza para elaborar os libros un **conxunto de elementos multimedia**: debuxos, fotos, vídeos, animacións, música, texto escrito, texto falado ... Estes arquivos teñen que prepararse con antelación e deben de atoparse na mesma cartafol para facilitar o traballo. Cando comezamos a elaborar un libro, indicamos ao programa onde se atopa o **cartafol de recursos** e poderemos visualizar o seu contido clasificado en **catro categorías**: imaxes, sons, animacións e textos. Cada vez que necesitamos algún destes arquivos, simplemente **arrastrámolo** desde o **almacén de recursos** ata a **zona de traballo**.

3. Abrir un libro

A partir deste momento debes ir realizando as actividades que se propón á vez que les este documento. Por iso e como paso previo, debes poñer primeiro no teu computador os arquivos que necesites para realizar as actividades


Para abrir un libro xa elaborado tes que seguir este proceso:

1. **Abre o programa** EdiLim, facendo dobre “clic” sobre a icona



2. Pulsa o botón **abrir** na pantalla inicial do programa.

3. Agora terás que buscar o libro. Está no cartafol que descargaras . Fai dobre “clic” sobre o cartafol.



4. Abre o cartafol “**Libro de exemplo**”

5. Abre o arquivo “**libro exemplo.lim**”



Unha vez aberto o libro aparece a pantalla de propiedades do libro á que sempre podemos acceder picando no botón Propiedades. Desde esta pantalla podemos configurar o aspecto xeral do libro:

Ubicación do cartafol donde están los **archivos multimedia**.

Nome do libro

Engadir **botóns**: informe de avaliación, activar/desactivar son...

Cores do libro

Datos do libro: título, subtítulo, autor ...

Mensaxe e son de **avaliación**

Probar **son**

Borrar o arquivo seleccionado

Logo: nome do arquivo e vista previa

Imaxen do fondo: nome do arquivo e vista previa

Imaxen da barra: nome do arquivo e vista previa

4. Publicar o libro

Publicar un libro consiste en crear un conxunto de arquivos necesarios para que este pódase visualizar independentemente do programa que o creou. Recorda que os libros LIM adquiren o formato dunha páxina web. Por iso, no proceso de publicación créase, entre outros arquivos, unha páxina web que é a que abriremos para ver o libro. Así mesmo, se queremos obter unha vista previa do material que estamos elaborando primeiro teremos que publicalo. Para publicar o libro segue estes pasos (deben de estar completos estes datos):

Pulsamos el botón **Exportar** de la barra de herramientas.

Cartafol donde se guardan los archivos que forman el libro.

Cartafol donde se guardarán los recursos multimedia que forman parte del libro.

Nome do libro

Nome do arquivo **HTML** que forma parte do libro (página web)

A casilla **HTML** estará marcada.

Hai que pulsar el botón **Publicar** e despois el botón **Vista previa**



Cando pulsamos o botón **Vista previa** ábrese o navegador e vemos o aspecto que van ter todas as páxinas do libro.



5. Cambiar as propiedades do libro

Antes de comezar a elaborar as páxinas do noso libro, debemos de configurar o seu aspecto xeral. Para iso pulsamos no botón **Propiedades** da barra de ferramentas e cambiamos as cores de cada elemento que compón a páxina (barra, banda, fondo e texto).

Pulsa sobre as cores dos elementos da páxina e selecciona outros novos.

Para **cambiar as imaxes**, fai clic nunha nova imaxe do **almacén de recursos** e lévaa ata o marco axeitado. Observa que o nome do arquivo aparece no recadro.

No fondo podemos empregar unha imaxe transparente reducindo o grao de **opacidade**.

ACTIVIDADE 1: Cambia a configuración do libro varias veces e comproba o aspecto que vai tendo. Para elo preme no botón **Exportar** e despois **Publicar** e **Vista previa**.



6. O almacén de recursos

Na parte esquerda da fiestra do programa atópase o almacén de recursos. Estes recursos atópanse clasificados en catro categorías. Cando picamos en **Imaxes** ábrese e podemos seleccionar un arquivo gráfico. O arquivo visualízase na parte inferior.

Tamén podemos agregar arquivos que están noutro cartafol do noso computador, borrar os que non necesitamos ou editar imaxes:

Abre un pequeno **editor** con que podemos facer algúns **cambios nas imaxes**

Incorpora ao cartafol un arquivo que hai noutra parte do noso ordenador

Borrar o arquivo seleccionado

Recarga o cartafol e aparecen os últimos arquivos incorporados.

Arquivo seleccionado

Arrastra para cambiar o tamaño

Tamaño do arquivo transformado (en pixeles)



Se utilizamos unha imaxe demasiado grande podemos reducir o seu tamaño no editor de imaxes, desprazando a barra **Dimensionar**. En canto aos tamaños das imaxes hai que ter moi en conta:

1. Unha imaxe sempre se pode reducir sen que cambie a calidade, pero non ao contrario. Se aumentamos unha imaxe veremos que se volve borrosa ou adquire unha textura de cuadritos (pixelada).
2. En consecuencia, se reducimos unha imaxe e gardámola xa non poderemos aumentala porque perderá calidade.



1. Así que é importante coñecer os tamaños que deben ter as imaxes dos distintas partes do libro, a modo de orientación:

IMAXE	TAMAÑO (en pixeles)
Logo	Altura máxima 35 pixeles (para que non se superpoña á marxe)
Imaxe da barra	Altura máxima 35 pixeles (para que no se corte)
Imaxe do fondo	500 de ancho x 350 de alto
Tamaño da páxina completa	600 de ancho x 500 de alto (para imaxes que ocupen toda a páxina)

1. Na fiestra de propiedades tamén podemos ver se os tamaños son os adecuados:

A imaxe do **logo** debe quedar dentro deste marco. Se se sae é que é demasiado grande e hai que reducila.

A imaxe do **fondo** podémola ver e mover desde este visor. O tamaño e a situación é cuestión de gustos. Temos que ter en conta que esta imaxe verase como fondo en todas as páxinas do libro polo que é mellor facela transparente diminuíndo o grao de **opacidade**,

A imaxe inferior debe encaixar dentro da **barra** tal e como se ve aquí. Se é demasiado grande, cortarase.



Se queremos transformar a imaxe, abrimos o pequeno **editor de imaxe** de Edilim pulsando o botón correspondente:

Despraza I barra **Dimensionar** para reducir o tamaño da imaxe.

Despois de **Aplicar** os cambios pulsamos no botón **Gardar**

Tamaño en píxeles da imaxe transformada.

Aplicar os cambios realizados á imaxe.

Fíxate que para gardar os cambios primeiro hai que **Aplicar** e despois **Gardar**.




E recorda que unha vez reducida a imaxe e gardados os cambios non é boa idea volver aumentala porque perderá calidade sensiblemente.

ACTIVIDADE 2: Abre o libro de exemplo e arrastra o arquivo logogrande.png ata o marco do logo do libro. Fíxache que queda demasiado grande. Abre o editor de imaxes e redúceo (recorda que o logo debe ter como máximo 35 píxeles de alto se non queremos que se superponga á banda). Logo publica o libro para ver os resultados (recorda que debes pulsar o botón Exportar e despois Publicar e Vista previa). Experimenta da mesma forma coa imaxe do fondo (diminúe tamén o grao de opacidade) e da barra.

7. Crear un libro novo



Imos crear un novo libro, para iso abrimos EdiLIM e pulsamos o botón **Novo**. O novo libro abrirase pola páxina de **Propiedades** posto que o primeiro que temos que facer é configuralo.



Segue estes pasos para configurar o teu novo libro:



1. Pulsa o botón **Abrir** (1) do **Directorio de recursos** para buscar o cartafol onde se atopan os arquivos multimedia. Utilizaremos o cartafol **Recursos** que hai dentro do teu cartafol LIM.
2. Escribe o nome do libro (2). Chamámoslle: **primerlibro**.
3. Selecciona as casas correspondentes (3) aos botóns de **Informe de avaliación e Activar/desactivar son**





4. Elixe a combinación de cores que máis che guste (4).



5. Completa os datos do libro (5). Por exemplo:

- ➔ Título: **O meu primeiro libro**
- ➔ Subtítulo: **Para seguir practicando**
- ➔ Autor: **O teu nome**
- ➔ Identificación: **Libro1**

6. Arrastra unha imaxe do **almacén de recursos** ao marco do **Logo (6)**: logo1.png, logo2.png ... teñen o tamaño adecuado.

7. Se o cres conveniente, arrastra unha imaxe do **almacén de recursos** ao marco do **fondo (7)**: fondo amarelo.png, fondo lila.png, portada1. png ... teñen o tamaño adecuado. Cambia o seu grao de opacidade.

8. Se o estimas conveniente coloca unha imaxe na **Barra (8)**. Podes usar as mesmas imaxes que para o **Logo**.

9. No **Almacén de recursos**, pica na solapa **Sons** e arrastra os arquivos que escoitarán os alumnos cando corrixan as actividades ata o marco **Sons (9)**. Podes utilizar os arquivos ben2.mp3 para as respostas correctas e oh.mp3 para as incorrectas.


10. Para rematar, escribe a mensaxe que recibirá o alumno cando corrixa as actividades (10). Por exemplo:

Resposta correcta: **¡Moi ben! Segue así**

Resposta incorrecta: **Inténtao de novo**

Xa terminaches a configuración inicial do libro que sempre poderás modificar volvendo á fiestra de **Propiedades**.

O seguinte paso é gardalo no teu computador. Pica no botón **Gardar** da barra de ferramentas. Ábrese unha fiestra para que indiques o lugar onde queres gardalo. Busca o cartafol Os meus libros LIM. Abreo e busca o cartafol O meu primeiro libro. Ábrea. Verás que está baleira. Garda o novo libro neste cartafol co nome **primerlibro.lim**






Xa gardaches o teu libro non é necesario que o volvas a gardar xa que se garda automaticamente cada vez que publicas o libro.

Para rematar imos **Publicar** o libro. Recorda que na publicación xéranse todos os arquivos necesarios para que o libro pódase utilizar independentemente do programa que o creou. Neste caso, prepárase para adoptar o formato dunha páxina web. Recordas o proceso de publicación?




Primeiro pulsamos o botón **Exportar** da barra de ferramentas.

Na fiestra Exportar indicamos o lugar onde queremos que se garden os novos arquivos que se van a crear e indicámoslle a mesma cartafol onde gardamos o libro: **Os meus libros LIM / O meu primeiro libro**




Seleccionamos a casilla **HTML** e aparece automaticamente o nome da páxina web que vai amosar o noso libro: **primerlibro.html**



Por último preme o botón **Publicar**. A primeira vez que publiques o libro, o programa avisarache de que o cartafol de recursos non existe. Pulsa o botón **OK** para indicar que queres crealo.



Para rematar, pulsa o botón **Vista previa** para ver o aspecto que terá o teu libro.



¡Noraboa! Xa tes preparado o teu libro para empezar a engadirle actividades, pero antes comproba os arquivos que o compoñen. Abre o cartafol donde gardaches e publicaches o teu libro e asegúrate que tien todos estos elementos:

Para **abrir o libro** independentemente faremos dobre “clic” sobre o arquivo **primerlibro.html** e abrirase a páxina web que o contén.

